

**BASES DO CONCURSO**  
**“SEMANA DA CIENCIA E TECNOLOXÍA” - CANGAS 2018**

Convoca.- Concello de Cangas – Concellaría de Ensino e Deporte

Tema.- Semana da Ciencia e Tecnoloxía - Cangas, abril 2018

1.- BASES E OBXECTO.- A Edición do Concurso de Carteis, con motivo da Semana da Ciencia e Tecnoloxía do Concello de Cangas, ten como obxectivo visibilizar o valor da Ciencia e o conxunto de actividades que se van a realizar no mes de abril de 2018. Ten que ver coa posta en valor de concienciación e proxección dos traballos de Tecnoloxía e Ciencia. Seleccionarase o cartel que mellor transmita a idea da Semana de Ciencia e Tecnoloxía - Cangas 2018.

2.- PARTICIPACIÓN.- Poderá participar o alumnado dos distintos centros educativos do Concello de Cangas, matriculados no curso 2017/2018.

- 2 Categorías: a) E. Primaria (3 - 6º cursos) - Individual e En Equipo  
b) ESO-Bacharelato-Ciclos

3.- REQUISITOS DOS CARTEIS

- A técnica de representación é libre. - O tamaño poderá ser en A3 / A4
  - Na Categoría b) deberá incluír obrigatoriamente a seguinte lenda ou texto: "Semana da Ciencia e Tecnoloxía – Cangas - 9-13 abril 2018"
  - Rexistrarase necesariamente con Lema ou Título, anotado na parte posterior da obra, lema identificativo durante as distintas fases do Concurso.
  - Cada participante ou Equipo poderá concursar cun máximo de 1 obra.
- No cartel tamén deberá incluírse, con posterioridade, o logo do Concello de Cangas.

4.- INSCRICIÓN.-

Lugar de entrega.- Casa da Xuventude de Cangas

Forma de presentación.- O profesorado de cada centro recollerá as propostas de cada categoría, presentándoas en sobres pechados, especificando “Concurso Carteis Xornadas de Ciencia – Cangas 2018” e indicando a Categoría - E.Primeria - e – ESO/Bacharelato/Ciclos-. Paralelamente incorporará outro sobre pechado co nome do centro educativo no seu exterior, onde incluírá a relación nominal de participantes coa correspondente lema.

A cada centro asignarase un número, Categorías A e B, e un novo número a cada alumna/o ou Equipo, a fin de garantir a obxectividade no Concurso.

5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.- 1 - 20 de febreiro de 2018.

6.- COMPOSICIÓN DO XURADO.- A Comisión Avaliadora estará composta por tres Profesores/as (Bacharelato Artes, Plástica e Tecnoloxía) e dous/dúas alumnos/as (Secundaria (Artes) e Primaria), actuando de secretario/a, sen voto, o/a representante da Concellaría de Ensino.

7.- PREMIACIÓN.- O xuízo da Comisión Avaliadora será inapelable. Farase público quince días máis tarde do remate do prazo. Puntuarase entre 1 a 4 puntos por apartado. Apartados: - Calidade artística (manual ou dixital) - Técnica - Impacto publicitario - Orixinalidade.

8.. PREMIOS. Establécense dous premios por categorías:

- Primeiro premio: Bono de 150 euros (Material Educativo) - Segundo premio: Bono de 50 euros (Material Educativo)

9- CESIÓN DE DEREITOS. Os/As alumnos/as e Equipos participantes das obras premiadas, afirman que as mesmas son orixinais e da súa propiedade e ceden os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública da súa obra para o fin nomeado. As obras premiadas quedarán en propiedade do Concello de Cangas.

Cangas, Xaneiro 2018